



ACORDO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA A ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO ÁMBITO DO PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DO ACCESO Á VIVENDA 2015-2020

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), con CIF Q6550004C e domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña) Polígono de Fontiñas, Área Central, s/n, representado por Dña. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro (DOG nº 185, do 27 de setembro), en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de Presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, D. José Muíño Domínguez, Alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños, en representación de dito concello e segundo as funcións atribuídas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia.

As partes declaran a plena vixencia das facultades coas que actúan e recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente acordo e

MANIFESTAN

I. Con data 3 de maio de 2016 o IGVS e a Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, Fegamp) asinaron un convenio para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.





II. Con data 17 de abril de 2018 o IGVS e a Fegamp asinaron unha addenda ao citado convenio, coa finalidade de estender as obrigas do IGVS en relación á cobertura das pólizas de seguros para as anualidades 2018 e 2019.

II. A existencia de vivendas desocupadas resulta contraria ás esixencias dun axeitado principio de utilización racional do parque de vivendas, tanto por razóns de eficiencia económica coma por ser un factor de sostibilidade medio ambiental e territorial, polo que precisamente o Programa de vivendas baleiras persecue promover o uso destas vivendas, outorgando ao concello que as incorpora as garantías xurídicas e económicas necesarias e que son asumidas polo IGVS.

A implementación do programa esixe a participación dos concellos tanto para a incorporación das vivendas, e a xestión das altas e baixas do correspondente rexistro de vivendas baleiras, coma para a selección de arrendatarios e de adxudicación das vivendas.

III. O Concello de Cabana de Bergantiños desexa contribuír ao acceso á vivenda en alugueiro, especialmente para aqueles colectivos que se atopan nun situación de maior vulnerabilidade polas súas circunstancias económicas, persoais ou familiares. Para articular ese obxectivo, está interesado en colaborar co IGVS, como organismo competente en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación

O presente acordo ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS e o Concello de Cabana de Bergantiños, en aras ao desenvolvemento no citado concello do Programa de vivendas baleiras establecido no Programa 4 Alugueiro de vivenda do Eixo 1 Acceso á vivenda do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, que persecue poñer a disposición dos concellos as vivendas desocupadas que, existindo no seu ámbito municipal, sexan da súa titularidade, así coma tamén daquelas outras das que poidan dispoñer libremente do seu uso, e das que teñan habilitación para a súa xestión para poder destinalas a aquelas unidades familiares ou de convivencia con maior dificultade de acceso á vivenda e, de xeito prioritario, ás afectadas por procedementos de execucións





hipotecarias ou por desafiuzamentos por impago da renda de alugueiro da súa vivenda habitual.

Segunda. Adhesión ao convenio de colaboración entre o IGVS e a Fegamp

Co presente acordo de adhesión, o Concello de Cabana de Bergantiños implantará o Programa de vivendas baleiras no seu ámbito municipal, conforme ao convenio de colaboración asinado entre o IGVS e a Fegamp en data de 3 de maio de 2016 e a súa addenda asinada o 17 de abril de 2018. Así, o procedemento de incorporación de vivendas, de selección de arrendatarios/as, de adxudicación de vivendas, de comunicación dos contratos, de rendas máximas e de garantías a outorgar polo IGVS realizarse nos termos e condicións establecidos no citado convenio e na súa addenda asinados entre o IGVS e a Fegamp.

Conforme ao sinalado, o prezo máximo da renda do alugueiro das vivendas incorporadas ao Programa de vivendas baleiras polo Concello de Cabana de Bergantiños non poderá ser superior a 250 €. No obstante o anterior, a proposta de calquera das partes asinantes, a Comisión de Seguimento e Coordinación prevista neste acordo poderá modificar estes límites ata un 15%, cando se acrediten circunstancias que motiven a necesidade de incrementar ou reducir o importe da renda sinalada ou no caso de que as persoas arrendatarias sexan integrantes dunha familia numerosa, na unidade familiar haxa algún membro con mobilidade reducida ou cando concorra algunha outra causa debidamente motivada.

Terceira. Contido económico

O IGVS asumirá o aboamento das correspondentes primas das pólizas que sexa necesario contratar para proporcionar as coberturas sinaladas na cláusula terceira do convenio entre o IGVS e a Fegamp, nos termos da addenda ao citado convenio.

O importe sinalado na cláusula quinta do Convenio asinado o 3 de maio de 2016, modificada pola Addenda ao Convenio, asinada o 17 de abril de 2018, terá carácter limitativo, non podendo subscribirse novos contratos de seguro sen que exista crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas dos mesmos.

Cuarta. Comisión de Seguimento e Coordinación

Ao abeiro do acordo de adhesión, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación, presidida pola persoa que ostente a Dirección Xeral do IGVS e na que tamén formarán parte dous vogais, en representación do IGVS, e dous vogais en representación do concello.





Esta comisión reunirse a petición de calquera das partes e, polo menos, dúas veces ao ano. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, esta deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

Aos efectos do disposto no convenio entre o IGVS e a Fegamp, corresponderá á Comisión de Seguimento e Coordinación aprobar con carácter definitivo o procedemento de incorporación de vivendas, así como o procedemento para a selección de arrendatarios e a adxudicación de vivendas proposto polo concello.

Sen prexuízo do anterior, a Comisión de Seguimento e Coordinación poderá modificar os criterios ou requisitos que estableza o procedemento, cando así o considere oportuno, aos efectos de mellorar a eficacia no desenvolvemento do acordo.

As controversias que poidan expoñerse sobre a interpretación, modificación, efectos e resolución do presente acordo resolveranse no seo da Comisión de Seguimento e Coordinación por maioría dos seus membros.

Quinta. Vixencia

Este acordo estará vixente durante o exercicio orzamentario 2019, non podendo ser obxecto de prórroga, e sen prexuízo da vixencia independente dos contratos de arrendamento que se formalicen por mor da operatividade deste acordo.

Sexta. Confidencialidade

O concello asinante e o IGVS obríganse a manter a confidencialidade sobre os asuntos dos que teñan coñecemento por razón desta colaboración e non poderán darlles difusión sen a autorización expresa e por escrito da outra parte. As partes comprométese a utilizar toda a información á que teñan acceso con ocasión ou en execución deste acordo, unicamente dentro do marco deste acordo.

En todo caso, o concello, como responsable do tratamento dos datos de carácter persoal, deberá actuar de acordo co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Sétima. Publicidade do convenio

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei autonómica 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do acordo manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente acordo e





demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava. Causas de resolución

Serán causas de resolución do acordo as seguintes:

- O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.
- O incumprimento de calquera das súas cláusulas.

Novena. Natureza do convenio

O presente acordo ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas, e non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do acordo, que non foran resoltas pola Comisión de Seguimento e Coordinación, serán dirimidas ante a xurisdición contencioso administrativa.

E en proba de conformidade, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Polo Concello de Cabana de Bergantiños

Polo IGVS

(Asinado electronicamente)

(Asinado electronicamente)

José Muíño Domínguez

Ángeles Vázquez Mejuto

